



# CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreá.com>

## EDICTO

### Expediente nº: 875/2017

Convócase proceso para a constitución de bolsa de emprego para selección de persoal laboral temporal Auxiliar de Axuda no Fogar, para o servizo de axuda no fogar na modalidade de prestación básica, dacordo coas bases que se reseñan a continuación aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 20 de setembro de 2017.

### **“BASES QUE REXERÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE PRESTACIÓN BÁSICA**

#### **PRIMEIRA.-NORMAS XERAIS**

**1.1 Obxecto:** Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a creación dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de auxiliares de axuda no fogar para o devandito servizo na modalidade de prestación básica para cubrir as posibles baixas así como para atender as eventuais necesidades derivadas da acumulación de tarefas neste servizo polo aumento aínda que puntual, de potenciais usuarios deste servizo que na maioría dos casos pasarán á modalidade de dependentes unha vez que o órgano competente da CCAA resolva os correspondentes expedientes.

**1.2 Funcionamento da bolsa:** Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de emprego para cubrir o/os posto/s de traballo de auxiliar de axuda no fogar na modalidade de prestación básica en réxime de persoal laboral temporal, ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que:

- obteña un contrato de traballo,
- renuncie a un posto de traballo ofertado,
- ou unha vez obtido o contrato de traballo este se extinga pola súa vontade,

suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de dous anos.

**1.3. Normas de aplicación:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

**1.4. O sistema de selección** dos aspirantes será de concurso oposición.

**1.5.** Un anuncio da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e as bases, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá, nos paneis informativos do Concello e na páxina web igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente.

#### **SEGUNDA.-FUNCÍONS**

O obxecto do contrato laboral temporal que se celebre a resultas deste proceso de selección mediante a creación dunha bolsa de emprego, estará integrado polas funcións propias de **auxiliar de axuda no fogar na modalidade de prestación básica** realizando traballos urxentes e inaprazables aos usuarios do mesmo (Decreto 99/2012, de 26 de marzo, pola que se regulan os servizos comunitarios e o seu financiamento e Art. 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, polo que se regula o servizo de axuda no fogar).

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TRLEBEP, referidos todos e cada un deles á data de

remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se exige estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

#### **CUARTA. PROCEDEMENTO SELECTIVO**

O proceso de selección será o de **concurso-oposición** consistindo esta derradeira fase na realización dunha proba selectiva de carácter obrigatorio e eliminatorio.

##### **FASE DE OPOSICIÓN**

1º EXERCICIO: obrigatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3 (ou o curso de iniciación), nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007.

Os candidatos que se atopan na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

2º EXERCICIO: Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de **20 preguntas** con tres respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, durante un período de 30 minutos, determinado previamente polo Tribunal. Só unha das respostas será a correcta sendo que as que se sinalen e sexan incorrectas non suporan penalización algunha. Este exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos.

##### **FASE DE CONCURSO**

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

###### **1. Méritos Profesionais.**

Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, resultando indiferente se se traballou a xornada completa ou parcial, dependente de calquera Administración Pública, 0,04 puntos por mes completo. No caso de servizos prestados na empresa privada, 0,02 puntos por cada mes completo.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais. Se os candidatos acreditasen días naturais soltos de traballo, como consecuencia de diversos contratos ou servizos prestados, estes sumaranse ata acadar 30 días naturais (1 mes completo). Se sobrasen días cuxa suma non chegue a 30 días naturais, desprezaranse na puntuación.



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreá.com>

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,02 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,04 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,06 puntos.
- Por cursos de máis de 101 horas de duración: 0,08 puntos.
- Por cursos de máis de 201 horas de duración: 0,10 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

Para acreditar os méritos sinalados no punto 1 do baremo haberá de achegarse copia compulsada dos contratos de traballo e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Estes documentos poderán ser substituídos por un certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

Para acreditar os méritos sinalados no punto 2 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 3,00 puntos.
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 1,00 puntos

### QUINTA. SOLICITUDES

**5.1.** A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá.

**O prazo de presentación será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Becerreá, ou nos lugares que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os aspirantes deberán presentar, acompañando á solicitude a documentación que acredite os méritos a que fai referencia a convocatoria en relación á fase de concurso.

### SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso

Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos pessoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación.

#### **SETIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público. Esta Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme ao artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

#### **OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS**

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo do primeiro exercicio, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios o día, hora e lugar onde se celebrarán as probas.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na citada páxina web.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreia.com>

oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **NOVENA. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.**

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos que determinará a consideración de apto.

En calquera caso, corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto en cada unha das probas.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

### **DÉCIMA. RELACIÓN DE APROBADOS.**

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes tal e como se indicou e no suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, decidirase ao chou.

Finalizadas as probas selectivas elevarase ao órgano competente proposta de candidatos que superaron o proceso para intergra pola orde de puntuación, a bolsa de emprego

### **UNDÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de 5 días naturais, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificado médico acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- 3) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa contratación.
- 4) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

### **DUODÉCIMA.- IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en

prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

## **ANEXO I.- TEMARIO**

### **Tema 1**

Aspectos xerais do envellecemento.

### **Tema 2**

O ancián como enfermo crónico.

### **Tema 3.**

Necesidades sociais e humanas no envellecemento.

### **Tema 4**

O servizo de axuda no fogar. Definición, usuarios, profesionais que interveñen. prestacións e tarefas.

### **Tema 5**

O Auxiliar de Axuda no fogar.

### **Tema 6**

Normas de actuación do Auxiliar de Axuda no Fogar

## **ANEXO II.-MODELO DE INSTANCIA**

D/<sup>a</sup>.....provisto/a de D.N.I.  
nº..... con .....endereço na  
R/.....nº.....piso.....

C.Postal.....Localidade.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a media xornada dunha auxiliar de axuda no fogar para o servizo de axuda no fogar modalidade básica.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o Fotocopia compulsada do DNI.



## CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640  
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18  
<http://www.concellodebecerreia.com>

- o Fotocopia compulsada do CELGA 3 ou iniciación.
- o Fotocopia compulsada do permiso de condución en vigor tipo B.
- o Xustificante de ter aboado os dereitos de exame por importe de 16 €. (epígrafe 5º da Ordenanza reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as Administracións ou Autoridades Locais a instancia de parte aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 30 de setembro de 2003 e posteriormente modificada en sesión de data 17 de xaneiro de 2008).

....., ..... de.....de 20.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial.

Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Becerreá relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.”

En Becerreá.

O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE